

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 31 de decembro de 2007 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2008.

A Consellería do Medio Rural publicou, con data do 11 de xullo de 2007, a Orde do 26 de xuño de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias. Ante a proximidade do inicio do exercicio orzamentario 2008, procede realizar a convocatoria correspondente a ese ano.

Por outra parte, a entrada en vigor da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicada no DOG o 25 de xuño pasado, obriga a facer algunha modificación puntual nas ditas bases reguladoras.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de Autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

O obxecto desta orde é a modificación das bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, aprobadas mediante a Orde do 26 de xuño de 2007 (DOG nº 134, do 11 de xullo), e proceder á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o exercicio orzamentario de 2008.

SECCIÓN PRIMEIRA

MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA PROGRAMAS DE CALIDADE DESENVOLVIDOS POR CONSELLOS REGULADORES DE DENOMINACIÓNS DE CALIDADE AGROALIMENTARIAS

Artigo 2º.-Modificación das bases reguladoras.

Modifícanse o artigo 12º e a disposición adicional segunda das bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, aprobadas mediante a Orde do 26 de xuño de 2007 (DOG nº 134, do 11 de xullo), que quedan coa seguinte redacción:

«Artigo 12º.-*Incumprimento, reintegro e réxime de infraccións.*

1. Se o beneficiario da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos dos gastos aprobados nos prazos establecidos, e cumprindo co resto dos requisitos da resolución de concesión, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida. No caso contrario existirá un incumprimento, no que se aplicarán os seguintes criterios:

-Cando o beneficiario non realice e xustifique nos prazos establecidos ningunha das actuacións obxecto da axuda existirá un incumprimento total e non se pagará ningunha axuda, debendo ademais reintegrar, de ser o caso, as contías percibidas anticipadamente.

-Cando o beneficiario realice parcialmente e xustifique nos prazos establecidos as actuacións obxecto da axuda, aboarse a subvención proporcional correspondente sempre que estea relacionada con actuacións finalizadas e se cumpran o resto das condicións establecidas.

2. En calquera caso, procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e dos xuros de demora acumulados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en xeral, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia».

«Disposición adicional segunda.-Réxime xurídico.

En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo aquilo que non se opoña á citada lei».

**SECCIÓN SEGUNDA
CONVOCATORIA 2008****Artigo 3º.-Convocatoria das axudas.**

Convócanse para o exercicio orzamentario 2008, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, sendo as súas bases reguladoras as contidas na Orde do 26 de xuño de 2007 (DOG nº 134, do 11 de xullo), coas modificacións recollidas na sección primeira desta orde.

A finalidade destas axudas é o apoio a todas aquelas actuacións realizadas, directa ou indirectamente, polos consellos reguladores que vaian dirixidas a garantir a calidade e a orixe dos produtos da correspondente denominación. Tamén serán subvencionables as actuacións en estudos, investigacións e desenvolvemento de programas encamiñados á mellora da calidade dos produtos obxecto de protección. Poderanse subvencionar, así mesmo, os gastos relacionados coa acreditación do consello regulador no cumprimento da norma EN-45011.

Artigo 4º.-Solicitudes e procedemento de xestión.

As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as recollidas na Orde do 26 de xuño de 2007 (DOG nº 134, do 11 de xullo) pola que se estableceron as bases reguladoras destas axudas. Como anexos a esta orde inclúense o modelo de solicitude (anexo I) e a documentación complementaria que se deberá presentar acompañándoa (anexo II).

Artigo 5º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o día 14 de marzo de 2008.

Artigo 6º.-Financiamento das axudas.

1. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o ano 2008, na aplicación orzamentaria 11.03.713D.7810,

cunha dotación de 500.000 €. Este importe poderase incrementar con remanentes adicionais de acordo coas disponibilidades de crédito. En todo caso as concesións limitaranse ás disponibilidades orzamentarias.

2. Esta orde tramítase conforme o establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo

ano 2008, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e en trámite parlamentario actualmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Disposición de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2007.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA PROGRAMAS DE CALIDADE DESENVOLVIDOS POR CONSELLOS REGULADORES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR302B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME		CIF/NIF		
ENDEREZO		PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
------------------	-----------------	------	-----

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

TÍTULO:	ORZAMENTO
OBXECTO:	0,00 €

SOLICITA:

Que lle sexan concedidas para o gasto relacionado as subvencións establecidas na orde de axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores.

EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 26 de xuño de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, e se convocan para o ano 2007.
Orde do 31 de decembro de 2007 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2008.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de

de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

1.- MEMORIA EXPLICATIVA DO PROGRAMA OBXECTO DO INVESTIMENTO.

1.1.- DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.

1.2.- AVALIACIÓN DAS SÚAS VANTAXES.

1.3.- RELACIÓN DE EFECTIVOS HUMANOS E MEDIOS MATERIAIS DE QUE SE DISPÓN.

1.4.- PLAN CRONOLÓXICO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

2.- ORZAMENTO PORMENORIZADO DOS GASTOS PREVISTOS.

3.- DECLARACIÓNS.

Don/Dona , con DNI nº

como representante de , CIF/NIF

e enderezo

DECLARA:

Que en relación coa orde da Consellería do Medio Rural do

sobre axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarios, solicitou (en caso de estar concedida, indicalo) para os investimentos obxecto deste expediente de subvención, axudas a través de:

-
-
-

Ningunha outra axuda.

Que as axudas concedidas ao consello regulador nos tres últimos anos fiscais para actuacións subvencionadas por convocatorias acollidas á normativa *de minimis* ((RE) 1998/2006) suman un total de 0,00 €

Que o consello regulador cumpre todos os requisitos da citada normativa *de minimis*.

E para que conste, para os efectos oportunos, asina esta solicitude.

Lugar e data

, de de 200

Asdo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 13 de decembro de 2007 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas para paliar os danos producidos polo lobo convocadas pola Orde do 7 de marzo de 2007.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible convocou para o ano 2007 axudas para paliar os danos producidos polo lobo mediante a Orde

do 7 de marzo de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 53, do 15 de marzo).

Na disposición adicional primeira da orde detállase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das axudas. Esta disposición prevé expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria contida na referida orde, polo que, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas superou as previsións realizadas por esta consellería, procede ampliar a dotación orzamentaria consinada inicialmente.